

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Corrección de erros.-Resolución do 25 de abril de 2007 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas no sector das forraxes desecadas e pola que se convocan para 2007.

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 90, do 10 de maio de 2007, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 7.608, no artigo 15.3º, onde di: «... a que se refire o artigo 19º desta resolución.»; debe dicir: «... a que se refire o artigo 18º desta resolución.».

-Na páxina 7.609, na disposición adicional segunda, onde di: «... na aplicación orzamentaria sinalada no artigo 27º desta resolución.»; debe dicir: «... na aplicación orzamentaria sinalada no artigo 28º desta resolución.».

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Resolución do 4 de maio de 2007 pola que se anuncia e convoca audición pública para a selección de dez (10) prazas de bailaríns/bailarinas con destino no Centro Coreográfico Galego.

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) é un organismo autónomo de carácter comercial creado como servizo público de promoción cultural no eido das artes escénicas e musicais e con tan dentro destes obxectivos a produción, promoción e difusión específica da danza galega, e concretamente a difusión e promoción na súa formación técnica e artística, segundo o establecido no artigo 8 da Lei 4/1989, do 21 de abril, de creación do IGAEM, modificada pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro. Así mesmo, está facultado para realizar cantas actividades comerciais e industriais requiran o logro dos seus obxectivos, como son as de «contribuír á formación técnica e artística daqueles que se dediquen dun xeito profesional, ou cando menos habitualmente, ás actividades escénicas e musicais», así como, en xeral, «realizar accións de fomento e difusión das artes escénicas e musicais», consonte co artigo 9, letras c) e i), da devandita lei.

En virtude do disposto, a Xerencia do IGAEM anuncia a seguinte convocatoria pública de proceso selectivo, mediante o sistema de audición, de todos os aspirantes para a cobertura de dez (10) prazas de bailaríns/bailarinas, mediante contrato laboral temporal, de natureza artística, para cubrir as necesidades da tempada 2007/2008 no período de distribución dos espectáculos coreográficos que produza o Centro Coreográfico Galego (no sucesivo CCG), unidade de produción de danza dependente do IGAEM.

Esta convocatoria ten en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres polo que atinxe ao acceso ao emprego, de acordo co artigo 14 da Constitución española, a Directiva Comunitaria do 9 de febreiro de 1976 e o previsto no Acordo do Consello de Ministros do 4 de marzo de 2005, polo que se aproba o Plan para a igualdade de xénero na Administración xeral do Estado.

Tendo en conta o Regulamento xeral de ingreso, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo (BOE do 10 de abril), este organismo acorda convocar proceso selectivo para a cobertura de prazas de persoal laboral temporal, consonte coas seguintes:

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1. Anúnciase convocatoria pública do proceso selectivo para cubrir dez (10) prazas da categoría de bailarín/bailarina mediante contrato especial de natureza artística, para cubrir as necesidades da tempada 2007/2008, no período de distribución dos espectáculos coreográficos que produza ou coproduza o CCG, unidade de produción de danza do IGAEM.

1.2. O proceso selectivo realizarase mediante o sistema de audición pública de todos os aspirantes, coas valoracións que se especifican no anexo I.

1.3. Concluído o proceso selectivo, os aspirantes que o superasen e que acreditasen cumprir os requisitos exixidos, ata como máximo o número de prazas convocadas, serán contratados na modalidade de contrato laboral temporal de natureza artística.

2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos á realización do proceso selectivo os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da formalización do contrato de traballo os seguintes requisitos de participación:

2.1. Nacionalidade:

a) Ser español (deberase achegar unha fotocopia compulsada do NIF para acreditar este dato).

b) Ser nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Támén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e, cando así o prevexa o correspondente tratado, os dos nacionais dalgún estado no que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou